

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/29-1
Entidade	CONFRARÍA DE FISTERRA	
Plan explotación⁽¹⁾	MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO	
Modalidade⁽³⁾	EMBARCACIÓN	

Especies	Ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>) e ameixa rubia (<i>Venerupis rhomboideus</i>)
Ambito do plan	Bancos infralitorais da praia de Langosteira (CM-082)
Subzonas de explotación	Zonas das Pardas e da Serra

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	8	16
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		Ver consideracións
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		50										
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾												
Modalidade ⁽³⁾ : dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X		X	X	X	X				X	X	
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾												
Modalidade ⁽³⁾ :												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	Setemb	outub	novemb	dec	

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ameixa rubia	-	-	4 kg
Ameixa babosa	-	-	8 kg

Artes a empregar	Raño
-------------------------	------

Puntos de control	Embarcación de vixilancia na propia zona de traballo, peirao e lonxa de Fisterra.
--------------------------	---

Puntos de venda	Lonxa de Fisterra ou calquera outra autorizada
------------------------	--

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
Extracción semente para resembrar	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Zonas:												



Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes:

O plan de explotación para o ano 2010 foi aprobado con 10 embarcacións e 20 tripulantes. Por resolución do 18 de outubro de 2010 do departamento territorial da Consellería do Mar en A Coruña, apróbase a concesión do permiso de explotación para marisqueo Z5 ás 8 embarcacións incluídas neste plan, outorgándolles 2 cotas de captura por embarcación.

Dado que no proceso de selección non se cubriron todas as prazas ofertadas poderá durante o ano 2011 abrirse novo proceso selectivo para a cobertura das vacantes producidas: 2 embarcacións con 2 cotas cada unha. No caso de que unha vez finalizado o proceso de selección non se cubran as vacantes ou non existan embarcacións interesadas poderanse redistribuir as cotas vacantes entre as embarcacións incluídas neste plan. A selección realizarase de conformidade co baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

Días máximos de extracción: O feito de se tratar dun plan novo e de que, polo tanto, descoñecemos a capacidade de recuperación do banco unha vez comece a ser explotado, aconsella unha maior prudencia respecto do esforzo a exercer sobre os recursos, polo que non se acepta a proposta do número máximo de días de extracción previsto no plan presentado e se reduce a un máximo de 50 días ao ano.

Cotas máximas de captura: A mesma razón que desaconsella o incremento dos días de extracción, desaconsella aceptar o tope proposto no plan para ameixa babosa, que queda fixado nun máximo de 8 kg por tripulante e día.

Zona de extracción: Na zona de traballo deste plan realízase extracción de longueirón con técnicas de mergullo ao abeiro do plan conxunto de explotación da navalla e longueirón na zona V presentado polas confrarías de Corcubión, Fisterra e O Pindo, polo que tense que evitar a simultaneidade da extracción destes dous colectivos. Recoméndase que a apertura deste plan



de marisqueo se realice nos meses nos que cesa a actividade dos mergulladores na praia de Langosteira, que segundo o plan presentado sería nos meses de maio a xullo. O resto dos meses debería ser a confraría mediante acordo coa xestora do plan de navalla e longueirón quen decidira os días de apertura para un ou outro recurso, tendo presente que Langosteira é un dos 10 bancos que existen para traballar a navalla e longueirón.

Puntos de control: Establécense 3 puntos de control. O primeiro control estaría no propio banco, na embarcación de vixilancia desta confraría. O responsable é o vixiante da confraría que, unha vez rematada a xornada, inspeccionará as embarcacións e realizará o control de topes e tallas. No caso de non contar coa embarcación de vixilancia, o vixiante realizará o control no peirao de Fisterra, e de non estar presente o vixiante, o control será realizado polos propios mariscadores de xeito rotativo. A persoa responsable do control (vixiante ou mariscadores) cubrirá un parte no que conste a data e hora do control, a persoa responsable, o nome das embarcacións, número de tripulantes e cota de captura. Por último establécense un punto de control na lonxa que, considerando que sempre estará a funcionar un dos anteriores,, non ten senso consideralo como tal. Na lonxa verificarase que os datos das capturas coinciden cos obtidos no punto de control.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase a elaboración do procedemento sancionador en caso de incumprimento das normas do plan.
- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos (porcentaxe sobre as vendas, cotas de socio...) que se esperan xerar no desenvolvemento deste plan.